



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VALDOVIÑO

Aprobación inicial do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Valdoviño

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

Despois de aprobarse inicialmente, mediante acordo do Pleno do Concello de Valdoviño, na sesión celebrada o día 7 de xullo de 2022, o borrador do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Valdoviño, en cumprimento do establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACP en adiante).

Dito borrador do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais do Concello de Valdoviño exhibirase en formato papel no departamento de Obras e Urbanismo (Avda Porta do Sol, nº 25, C.P. 15.552, Valdoviño, A Coruña), en horario de oficina (luns, mércores e venres en horario de 11:00 a 13:00 horas) e na páxina web do Concello (www.concellodevaldovino.com).

Durante un período de 30 días hábiles a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, calquera persoa física e xurídica poderá examinar o expediente co fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxerencias.

Se transcorrido o dito prazo indicado non se presentasen alegacións, considérase aprobado definitivamente.

En Valdoviño, 15 de xullo de 2022

O Alcalde,

Asdo.- Alberto González Fernández

2022/4368